

Segundo a normativa vixente pola que se regula o **PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN** de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos:

INFORMAMOS:

1. Do 11 de xaneiro ao 8 de febreiro: Prazo de reserva dos centros adscritos:

- Colexio LA INMACULADA
- Colexio SAN JORGE

Do 1 ao 21 de marzo: Prazo de presentación de solicitudes para Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO.
A solicitude poderase presentar de forma presencial no centro educativo ou de forma electrónica a través da aplicación admisionalumnado.

IMPORTANTE:

- Cada solicitante **presentará unha única solicitude** no centro que se solicita en primeiro lugar e nela poderán relacionarse ata seis centros por orde de preferencia.
- A solicitude presentada nun centro educativo poderá anularse mediante a presentación dunha nova indicando expresamente por escrito que quedan sen efecto as presentadas con anterioridade. A renuncia á solicitude rexistrada nun centro só se admitirá ata o último día do prazo de presentación de solicitudes.
- O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro (no que está matriculado), se presenta unha solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicalo ao centro de orixe.
- O alumnado que ten reserva de praza nun centro (adscrito) se presenta solicitude de admisión noutro distinto, deberá comunicar a renuncia á reserva, antes do inicio do prazo de solicitudes de admisión.
- O colexio La Salle, otorgará 1 punto por criterio complementario aos alumnos de 3 anos que procedan da Escola Infantil Agasalle ou que sexan antigos alumnos dalgún centro La Salle, él ou os seus proxenitores.

2. Ábrese un prazo de 10 días hábiles contados a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo para presentar solicitudes de admisión para a presentación da documentación xustificativa dos criterios a puntuar na solicitude (no caso de haber máis demanda que oferta).

Para o curso 22-23 será do 24 de marzo ao 6 de abril

3. Antes do 25 de abril: Publicación das **listaxes provisionais**.

Ábrese un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, para formular reclamacións ante o titular do centro educativo. A estimación ou desestimación das reclamacións, entenderase realizada a través das listaxes definitivas.

4. Antes do 15 de maio: **Listaxe definitiva** de admitidos e non admitidos.

(contra esta relación definitiva, pódese formular reclamación ante o titular da Xefatura territorial da Consellería de Educación, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación. A resolución porá fin á vía administrativa).

5. Do 20 ao 30 de xuño: Formalización da matrícula para Ed. Infantil e Ed. Primaria.

6. Do 27 de xuño ao 11 de xullo: Formalización de matrícula para ESO.

7. Do 1 ao 12 de setembro: Prazo extraordinario de matrícula para ESO.